

**SANTA COMBA**

DAC0203

**ANUNCIO***Aprobación Plan parcial S.1 "parque empresarial"*

O Pleno do Concello de Santa Comba, en sesión do 24 de outubro de 2002, aprobou definitivamente o Plan parcial S.1 "parque empresarial", promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o proxecto redactado polo arquitecto don Jacobo R. Losada Allende, figurando como anexo á presente o texto íntegro da normativa urbanística do plan definitivamente aprobado.

En cumprimento do disposto polo artigo 48.2.º da Lei do solo de Galicia, publícase de seguido o texto íntegro da normativa urbanística do plan definitivamente aprobado.

Contra o acto de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**TEXTO ÍNTEGRO DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PLAN DEFINITIVAMENTE APROBADO**

- Proxecto: Plan parcial S.1 "parque empresarial"
- Sector: 1 de solo urbanizable do Plan xeral de ordenación municipal
- Propiedade: Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Arquitecto: Jacobo R. Losada Allende

**2. ORDENANZAS REGULADORAS****2.1. NORMAS XERAIS****Artigo 1.-Natureza, ámbito e vixencia.**

1. O presente Plan parcial desenvolve o solo urbanizable de uso industrial definitivo polo Plan xeral de ordenación municipal de Santa Comba.

2. O Plan parcial non entrará en vigor ata que se produza a publicación no BOP dos textos íntegros do acordo de aprobación definitiva e da normativa urbanística e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, das cortes xerais, a súa vixencia será indefinida.

3. As presentes ordenanzas serán de aplicación obrigatoria para a redacción de estudos de detalle, proxectos de urbanización definitiva e de edificación, de reparcelación e de parcelación, tanto privadas como de carácter público que se pretendan realizar dentro do ámbito do Plan parcial.

**Artigo 2.-Relación co planeamento municipal de Santa Comba.**

En tódolos puntos non desenvolvidos no presente Plan parcial estarse ó disposto no Plan xeral de ordenación municipal de Santa Comba.

**Artigo 3.-Alcance normativo dos documentos.**

1.-O alcance normativo do plan deriva do contido normativo dos documentos que o integran.

Ordenanzas reguladoras, estudo económico, plan de etapas e planos de ordenación que terán carácter obrigatorio.

2.-A cartografía a escala 1/1000 que constitúe a base gráfica sobre a que debuxou a planimetría terá o carácter de cartografía municipal oficial e o seu uso será obrigatorio para reflectir-lo emprazamento e determinacións de calquera actualización de planeamento ou de calquera petición de licenzia urbanística. O Concello poderá crea-la correspondente ordenanza para expedición de copias reproducibles de cartografía oficial.

**Artigo 4.-Modificacións.**

1. A modificación de calquera dos elementos do plan axustarse ó previsto na lei e, no non previsto, ó disposto por estas ordenanzas.

2. As modificacións non poderán alterar en ningún caso o teito máximo de uso industrial, cambia-lo uso de zonas dotacionais a industriais, debendo xustificarse a conveniencia e oportunidade destas.

**Artigo 5.-Desenvolvemento obrigatorio.**

Para a execución do Plan parcial redactaranse obrigatoria-mente os proxectos de urbanización correspondentes; así mesmo, será obrigatoria a redacción de estudos de detalle cando se agrupen dous ou máis parcelas e igualmente cando se subdivida algunha parcela.

**Artigo 6.-Sistemas de actuación.**

Fíxase como sistema de actuación ou de expropiación.

**Artigo 7.-Definicións.**

Para os efectos desta ordenanza, cantas veces se empreguen os termos que de seguido se indican, terán o significado que taxativamente se expresa nos apartados seguintes:

**1.-Solar.**

Entenderase por solar toda aquela parcela que se atopa no solo urbano como consecuencia da execución do Plan parcial e da súa completa urbanización con tódolos servizos previstos no proxecto de urbanización e polo tanto cumpra con todas e cada unha das condicións seguintes:

- Ter sinaladas aliñacións e rasantes.

- Dispoñer de acceso rodado directo pola vía á que dá fronte.

- Ter pavimentada a calzada da vía á que dá fronte e dispoñer do encintado de beirarrúas.

- Dispor de abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica nas condicións previstas no Plan parcial.

- Ter cumprido co requisito de reparcelación e/ou parcelación urbanístico no caso de que foren necesarios.

**2.-Aliñación.**

Entenderase por aliñación aquela liña límite da parcela que separa esta dos espazos libres públicos.

**3.-Liña de edificación.**

É aquela liña que a futura edificación non pode exceder agás cos saíntes cando estes estean permitidos.

**4.-Parcela edificable.**

É a parte do solar comprendida entre as liñas de edificación.

**5.-Recuados.**

É o ancho da faixa de terreo comprendido entre a aliñación oficial e a liña de edificación cando estas non coincidan; así mesmo, as separacións da edificación respecto ós demais lindes da parcela edificable denominaranse recuados laterais ou recuados posteriores se se refire ó linde posterior da parcela.

6.-Rasante.

É o perfil lonxitudinal dunha vía.

7.-Altura da edificación.

A altura da edificación é a dimensión vertical dun edificio. Para a súa regulación poderán utilizarse unha ou ámbalas dúas destas unidades de medida.

A distancia vertical en metros desde a rasante natural do terreo ata a cara inferior do forxado que forma o teito da última planta.

Número total de plantas nas que se incluírán a planta baixa e planta piso e, nos casos en que se permita, a planta semisoto.

8.-Altura máxima de edificación.

É aquela que non pode superarse coa edificación. Establecerase en metros.

9.-Altura de pisos.

Entenderase por altura de pisos a distancia entre as caras inferiores de dous forxados consecutivos.

10.-Altura libre de pisos.

Entenderase como a distancia desde a superficie do pavimento acabada ata a superficie inferior do teito da planta correspondente.

11.-Superficie ocupada.

É a comprendida dentro dos límites definidos polas proxeccións verticais sobre un plano horizontal das liñas externas de toda a construción, incluso as subterráneas e voos.

12.-Superficie edificada.

É a comprendida entre os límites exteriores da construción de planta.

13.-Superficie total edificada.

É a resultante da suma das superficies edificadas de todas as plantas.

14.-Espacios libres interiores á parcela.

Son aqueles espacios de uso privado comprendidos entre a liña de edificación e os límites da zona.

15.-Planta baixa, semisoto e soto.

Enténdese por planta baixa a planta inferior do edificio do que o solo se atopa á altura, por riba, ou como máximo a 0,60 metros por debaixo da rasante do pavimento ou terreo en contacto coa edificación.

Enténdese por semisoto aquela planta que tendo o solo a máis de 0,60 metros por debaixo da rasante, ten o teito a máis de 0,60 metros por riba da dita rasante.

Enténdese por soto aquela planta que ten o teito a menos de 0,60 metros por riba da rasante.

16.-Edificio exento.

É aquel que está illado e separado totalmente doutras construcións por espacios libres.

17.-Usos permitidos.

Son os que consideran adecuados nas zonas que se sinalan nas presentes ordenanzas.

18.-Usos prohibidos.

Son aqueles que non se consenten por ser inadecuados nas zonas que se sinalan nas presentes ordenanzas.

19.-Edificio exclusivo.

É aquel no que tódolos seus locais desenvolven actividades comprendidas no mesmo uso.

20.-Edificabilidade.

Designase con este nome a medida da edificación permitida nunha determinada área do solo. Establécese en metros cadrados por cada metro cadrado de superficie da zona ou área edificable (parcela) de que se trate.

21.-Voo.

Enténdese por voo o saínte da edificación respecto á aliñación en planta piso sobre os viais públicos, nas condicións fixadas pola ordenanza correspondente.

2.2. NORMAS COMÚNS DE EDIFICACIÓN

Artigo 8.-Parámetros e determinacións reguladoras.

A edificación no ámbito do Plan parcial adecuarase ó tipo de edificación definida nos planos de ordenación e ós parámetros definidos polos cadros de características que terán carácter de máximos.

Os parámetros e determinacións reguladoras que se establecen para cada tipo son:

- \* Aliñación exterior
- \* Altura máxima
- \* Edificabilidade máxima

Artigo 9.-Condicións xerais de uso.

1. Son as condicións que regulan as diferentes utilizacións dos terreos e edificacións segundo a actividade que se produza sobre eles.

2. Os usos divídense en "permitidos" e "prohibidos", baseándose na súa adecuación a cada sector do solo e para os fins da ordenación e a compatibilidade dos usos entre si.

3. As compatibilidades de uso establécense en cada ordenanza.

Artigo 10.-Liñas de edificación.

Son as definidas nos planos de ordenación e enténdese como distancia mínima ás aliñacións e lindeiros laterais e posteriores.

2.3. NORMAS PARTICULARES DE EDIFICACIÓN

Artigo 11.-Ordenanza A (zona industrial).

1. Aplícase esta ordenanza ó conxunto de zonas edificables destinada a uso industrial.

2. Fíxase, en principio, un tipo de ordenación baseándose en edificacións exentas en cada parcela.

3. Poderase, mediante a realización dun estudio de detalle, dividir ou agregar parcelas contiguas destinadas a uso industrial e realizar actuacións en ringleira ou apegada, ou similares, respectando sempre os parámetros definidos para as parcelas orixinais en canto a separación de lindeiros, volume máximo edificable, etc.

4. A altura máxima de edificación será 9 metros (tres plantas). Nos casos de especiais necesidades do proceso de produción e previo acordo do Concello, poderase permitir edificacións de maior altura sempre que estean separadas de tódolos lindeiro alomenos unha distancia igual á altura.

5. Permitiranse soto e semisoto destinados a garaxes-aparcamentos e dependencias auxiliares sen que computen edificabilidade.

6. A edificación deberá gardar un recuamento mínimo de 3 metros respecto ós lindeiros laterais e 3 metros respecto ós lindeiros posteriores, se os ditos lindeiros son comúns de dúas parcelas edificables, e recuarase 5 metros nos lindeiros coa rede viaria.

Mediante acordo mutuo entre dous propietarios de parcelas colindantes, poderanse acomete-las edificacións apegadas ós lindeiros comúns.

7. Os accesos ás parcelas edificables serán a través do via-rio rodado público.

8. A edificabilidade de cada parcela será a que resulte de multiplica-la superficie neta da parcela en metros cadrados por  $1,136 \text{ m}^2/\text{m}^2$ .

9. Usos. O uso principal será industrial en tódalas súas formas e ademais permitiranse os seguintes: oficinas e hoteleiro.

#### **Artigo 12.-Ordenanza B (zonas dotacións edificables).**

A delimitación será a definida no plano de ordenación co-respondente.

A ocupación da edificación en planta non poderá exceder do 70 por cento da superficie de parcela.

A altura máxima será de 9 metros (tres plantas) con carácter xeral, non podendo ser excedida máis ca por elementos ornamentais.

Edificabilidade máxima:  $70 \text{ m}^2/\text{m}^2$  sobre superficie neta de parcela.

Condicións de uso: permitiranse os seguintes usos: comerciais, sociais, deportivos e de servicios.

Trataranse as superficies libres definindo: as axardinadas totalmente; os arboredos con solo de terra; os de pavimento impermeable accesible a vehículos; os de pavimento impermeable accesible só a peóns, con tratamento gradual ou similar.

#### **Artigo 13.-Ordenanza C (zonas verdes e espazos libres públicos).**

##### **Condicións xerais**

Delimitación: a definida no plano de zonificación.

Condicións de volume e uso. Nestas zonas dedicadas a garanti-la salubridade, o repouso e o entretemento da poboación non se permitirán ningún tipo de edificación permanente agás a necesaria para o mantemento das propias zonas (invernadoiros, almacén de útiles de xardinería), xustificando previamente a necesidade de instalación na propia zona verde ou libre de uso público. Como excepción e previo acordo municipal, poderán autorizarse a instalación permanente de elementos de ornato (pavilións, quioscos de música) ou complementarios ó uso das zonas verdes (escenarios de teatro ó aire libre, pistas de bailes descubertas, etc.).

Poderá autorizarse, así mesmo, o emprazamento de casetas e quioscos desmontables para fins propios dos usos convencionais destas zonas, así como o amoblamento necesario (bancos, papeleiras, fontes de auga potable, xogos de nenos, etc.).

En todo caso, a superficie total ocupada con tódolos elementos permanentes antes citados non poderá supera-lo 5 por cento da superficie total da zona.

Os cerramentos, cando sexan necesarios, non superarán a altura de 0,50 metros con materiais opacos, podendo excede-lo dito límite con elementos diáfanos ou elementos vexetais.

As zonas verdes e espazos libres de uso público deberán estar convenientemente urbanizadas coas súas correspondentes sendas peonís, camiños, escaleiras e acondicionamento vexetal, así como dotadas de alumbeamento público, rede de pluviais e abastecemento de auga necesario para o seu funcionamento e conservación.

#### **2.4. REGULACIÓN DO USO DE GARAXE-APARCAMENTO**

##### **Artigo 14.-Definición e clasificación.**

1. Denomínase "garaxe-aparcamento" a todo lugar destinado á estancia de vehículos de calquera clase.

2. Para os efectos de aplicación destas normas só se permiten os garaxes-aparcamentos vinculados ás industrias implantadas nas parcelas. Poderanse situar en planta soto, semi-soto ou planta baixa.

##### **Artigo 15.-Condicións xerais.**

A instalación e uso de garaxes-aparcamentos e locais para o servizo de automóbiles deberán suxeitarse ás prescricións das disposicións vixentes.

##### **Artigo 16.-Accesos.**

Os garaxes-aparcamentos disporán dun espazo de acceso de tres metros de ancho e terán que estar como mínimo situados a 2 metros recuados sobre a aliñación oficial.

Se se realizase o acceso mediante ramplas, estas non excederán a pendente do 16 por cento nos tramos rectos e o 12 por cento nos tramos curvos. A súa anchura será de 3 metros mínimo e o radio de curvatura de 6 metros.

A localización do acceso á rúa deberá estar contida nos proxectos de edificación. Cando se realicen estudos de detalle unindo varias parcelas poderá realizarse un acceso único para tódalas implantacións agrupadas mediante o estudo de detalle.

##### **Artigo 17.-Praza de aparcamento.**

Enténdese por praza de aparcamento un espazo mínimo de 2,20 metros por 4,50 metros, libres de obstáculos.

##### **Artigo 18.-Altura mínima.**

En garaxes-aparcamentos admítense unha altura libre mínima de 2 metros en calquera punto.

##### **Artigo 19.-Ventilación.**

A ventilación natural ou forzada estará proxectada con suficiente amplitude para impedi-la acumulación de valores de gases nocivos.

##### **Artigo 20.-Illamento.**

O recinto do garaxe-aparcamento deberá estar illado do resto da edificación ou terreos colindantes por muros e forxados resistentes ó lume con illamento acústico de acordo coas regulamentacións sobre ruidos.

##### **Artigo 21.-Comunicación.**

Poderase comunica-lo garaxe-aparcamento coa escaleira, ascensor, cuartos de caldeiras, salas de máquinas ou outros usos similares autorizados do inmovible.

#### **2.5. NORMAS DE URBANIZACIÓN**

##### **Artigo 22.-Proxectos de urbanización.**

Como desenvolvemento do Plan parcial redactaranse os proxectos de urbanización que desenvolven as determinacións daquel de acordo coas presentes ordenanzas.

**Artigo 23.-Tratamento de pavimentación.**

Tódalas beirarrúas e calzadas en contacto coas paredes edificables trataranse con pavimento impermeable axeitado á súa funcionalidade.

**Artigo 24.-Abastecemento de auga.**

A dotación mínima de auga potable en zonas industriais será de 0,5 l/s.ha nas dotacións de 0,8 l/s.ha e nas zonas verdes de 0,2 l/s.ha.

As conduccións situaranse a unha profundidade mínima de 0,60 metros e irán reforzadas con envolvente de formigón.

Os entubados de auga potable irán sempre a cota superior ás de saneamento; o afastamento vertical mínimo entre os ditos entubados será de 0,30 metros.

As conexións ós entubados mestres ou aneis principais de distribución desde as distintas edificacións faranse controladas.

**Artigo 25.-Saneamento.**

As acometidas á rede de saneamento serán controladas mediante conduccións lonxitudinais ó longo das beirarrúas.

**Artigo 26.-Afirmado.**

O firme de rúas de estruturas coas seguintes capas indicativas: rodadura, base e sub-base.

**Artigo 27.-Disposición de servicios.**

As canalizacións de auga e servicios disporanse baixo a faixa axardinada situada entre a beirarrúa e as distintas parcelas; se isto non é posible de acordo coa xeometría das diferentes casas subministradoras e a regulamentación vixente, realizarse a canalización baixo a calzada.

**Artigo 28.-Parques e xardíns urbanos.**

1. As zonas libres e verdes axardinaranse adaptando no proxecto as determinacións de trazado e vexetación sinaladas no plano de ordenación.

2. Os parques e xardíns deberán urbanizarse con arboredo, macizos de xardín e céspede, sendas, farois, elementos ornamentais e outros elementos accesorios. A composición dos xardíns axustarase ó previsto no plano de ordenación e ás regras da xeometría, orde e proporción. As plantacións e elementos ornamentais responderán ó criterio de maior interese botánico, científico e educativo, ás tradicións populares e urbanas e á significación cultural e artística.

**Artigo 29.-Aparcamentos de superficie.**

Os proxectos de urbanización preverán alomenos un 2 por cento das prazas de aparcamento para uso de minusválidos para o cal deberán especificar a correspondente sinalización e terán unha dimensión de 3,40 x 4,50 metros.

**Artigo 30.-Recollida do lixo.**

Esixirase a recollida do lixo, controlada individualmente polos propietarios das parcelas co Concello de Santa Comba.

Exporase a instalación dun espazo para contedores de lixo cos seus elementos para albergue, e instalacións de auga e desagadoiro, situados en contacto directo coa vía pública e, como mínimo, espazo para seis contedores. A definición do deseño dos elementos de albergue e a súa situación definiranse no proxecto de urbanización.

**2.6. CONDICIÓN TÉCNICAS DAS OBRAS EN RELACIÓN COAS VÍAS E SERVICIOS PÚBLICOS**

\* Danos ás vías ou servicios municipais.

Todo propietario que execute unha obra de calquera natureza será responsable ante o Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nos valados públicos ou servicios municipais.

\* Obras que afecten a servicios públicos.

Se as obras que executan afectan a servicios de carácter xeral ou público, os propietarios comunicaranos por escrito ás empresas correspondentes ou entidades administrativas, con oito días de antelación ó comezo destas, do que o prazo as ditas empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables desde o remate do prazo anteriormente mencionado.

\* Abasto de cascallos e materiais.

Os cascallos e abasto de materiais non poderán amorearse na vía pública, nin apoiálos nos valados ou muros de peche.

\* Andamios e material auxiliar.

Tódolos andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotáraselles das precaucións necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, na que se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

En toda clase de construción, así como no uso de maquinaria auxiliar desta, gardaranse as precaucións de seguridade no traballo esixidas polas leis vixentes en cada momento sobre a materia.

\* Valado de obras.

1. En toda obra de nova planta ou derrubamento e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse un valado de protección de 2 metros de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de dous metros da aliñación oficial. En todo caso, deberá quedar remitada do bordo, alomenos, 0,60 metros para permitilo paso de peóns.

2. Cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación das ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características do valado, podendo ordenar a súa desaparición total no momento en que remate os traballos dispoñibles na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación dun estaribel de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca as debidas seguridades para a circulación na vía pública.

3. Cando as obras ou instalacións poidan supoñer en si mesmas, ou na súa montaxe, un perigo para os viandantes, que esixirá durante as horas de traballo, a colocación na rúa dunha corta ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

4. Nas zonas en que sexa obrigatorio o recuado, o valado colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatorio cando estea construído o cerramento definitivo.

5. A instalación de valados enténdese sempre con carácter provisional, en tanto dure a obra; por iso, desde o momento en que transcorra un mes sen dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse o valado e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público."

Santa Comba, 24 de outubro de 2002.

O alcalde, José Toja Parajó.

ingresos á contía de SEIS MILLÓNS NOVECENTOS SEIS MIL TRESCENTOS SETENTA E SEIS CON 45 (6.906.376,45), correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle:

CAPÍTULO	CRÉDITO TOTAL
GASTOS DE PERSOAL	1.257.179,92
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	1.709.989,17
GASTOS FINANCIEROS	3.006,00
TRANSFERENCIAS CORRENTES	138.284,40
INVERSIÓNS REAIS	3.781.952,96
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	16.000,00
ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL	6.906.376,45

A Laracha, 10 de novembro de 2004

O ALCALDE

Asdo. José Manuel López Varela

12788-0

**SANTA COMBA**

**ANUNCIO**

*Aprobación definitiva de modificación puntual do Plan parcial do polígono industrial de Santa Comba*

O Pleno do Concello de Santa Comba, na súa sesión do 22 de outubro do ano 2004, acordou, por maioría absoluta, aprobar definitivamente a modificación puntual do plan parcial do polígono industrial de Santa Comba, promovido por este Concello.

O acto da aprobación definitiva da citada modificación puntual do plan parcial foi comunicado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda con data do 11 de novembro de 2004, en cumprimento do disposto polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

De acordo co sinalado no artigo 92.2 da citada Lei, publícase de seguido o texto íntegro da modificación puntual, que non alteran as condicións urbanísticas que serviron para a aprobación definitiva o plan parcial, que afectan concretamente a:

A) Definición exacta ámbito actuación. Reducción da superficie de 111.567,55 m<sup>2</sup> a 105.906,22 m<sup>2</sup>.

B) Definición exacta acceso ó polígono desde a estrada C-545 (Santiago-Baio).

C) Reordenación da zonificación inicial para cambia-la localización das parcelas de equipamentos, así como a ubicación nos terreos colindantes a ela dunha parcela con destino a punto limpo, a número 32.

D) Axusta-las parcelas industriais a súa dimensión real.

E) Reducción superficie destinada a aparcamentos, que debidamente xustificada, cumpre coa normativa vixente".

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio.

Santa Comba, 11 de novembro de 2004.

O ALCALDE,

Asdo.: José Toja Parajó.

12771-0

**EDICTO**

*Imposición e modificación ordenanzas fiscais*

O Pleno da Corporación municipal, na súa sesión extraordinaria do día 12 de novembro de 2004, adoptou acordo provisional, coa maioría absoluta dos concelleiros presentes, sobre imposición e modificación de ordenanzas fiscais municipais, que a seguir se sinalan:

**Imposición:**

Aprobar provisionalmente a imposición da taxa que se relaciona, e aprobación da ordenanza fiscal reguladora da mesma.

- Ordenanza fiscal reguladora nº 18-T, da taxa pola expedición de licencias urbanísticas.

**Modificación:**

Aprobar provisionalmente a modificación e redacción íntegra das ordenanzas que se relacionan:

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Abrir un período de información pública e dar audiencia ós interesados por prazo de trinta días soltos para que poida presentarse alegacións e suxestións que estimen oportunas, publicando a tal efecto anuncios no BOP, nun dos diarios de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios, segundo dispón o artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril e o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Elevar a definitivo o presente acordo no caso de que non se presentasen reclamacións no referido prazo, segundo o establecido no art. 17.3 da referida lei, entrando en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia, e continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Santa Comba, 15 de novembro de 2004.

Asdo.: José Toja Parajó.

12770-0

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Planeamento e Xestión**

**ANUNCIO**

*Aprobación definitiva do proxecto de urbanización do 1º sector do SUNP-31. San Marcos*

A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 10 de maio de 2004, aprobou definitivamente o Proxecto de urbanización do 1º sector do solo urbanizable non programado número 31 (SUNP-31) de San Marcos, promovido pola Xunta de Compensación do citado sector.

Contra este acordo poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio; alternativamente, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello no prazo dun mes, contado dende a mesma data.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004

O alcalde

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo

12511-2